



ASUNTO: MODIFICACIÓN DA XORNADA DOS DÍAS 17 DE FEBREIRO E 18 DE FEBREIRO DE 2026 PARA O PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO DA XUNTA DE GALICIA

Con motivo da celebración das festas do Entroido, modifícase a xornada dos vindeiros días 17 de febreiro, e 18 de febreiro, naquelas localidades nas que non estea establecido como festivo local, nos seguintes termos:

a) Horario oficial:

A hora de saída o martes 17 de febreiro de 2026 será ás 14:00 horas e a de entrada o mércores 18 de febreiro de 2026 será ás 9:00 horas.

b) Horario de flexibilidade automática:

A hora de saída o martes 17 de febreiro de 2026 será as 14:00 horas, quedando reducida en 30 minutos a parte fixa e en 45 minutos a parte flexible do horario.

A hora de entrada o mércores 18 de febreiro de 2026 será as 9:00 horas, quedando reducida nunha hora e quince minutos a parte flexible do horario.

c) Horario flexibilidade conciliación:

A hora de saída o martes 17 de febreiro de 2026 e o de entrada o mércores 18 de febreiro de 2026 queda reducida nunha hora e quince minutos dentro da franxa horaria autorizada pola correspondente Secretaría Xeral/Secretaría Xeral Técnica na resolución de concesión de flexibilidade por conciliación.

Todo isto sen prexuízo do gozo do día que coincida cun festivo local.

Prégolle dea traslado desta comunicación aos órganos de dirección dependentes desta consellería coa finalidade de dar a máxima difusión desta circunstancia ao persoal.

Na data da sinatura electrónica

